



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



**11 de febreiro
2025**

**DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER E A NENA
NA CIENCIA**

**SELECCIÓN
BIBLIOGRÁFICA**

A hombros de gigantas	1
Ángeles Alvariño González, investigadora marina de relevancia mundial.....	2
Blanca catalán de Ocón: la primera botánica española.....	3
Bucear bajo tierra	4
Científicas: cocinan, limpian y ganan el premio Nobel (y nadie se entera)	5
Científicas: la apasionante historia de las mujeres detrás de los grandes descubrimientos de la ciencia	6
Científicas: una historia, muchas injusticias.....	7
Científicas en la Genética del siglo XX	8
Las damas del laboratorio: mujeres científicas en la historia	9
Ellas ilustran Botánica	10
Ellas son de ciencias	11
Femina Sapiens: una historia de la evolución humana enfocada en las mujeres.....	12
Gracias a la vida	13
Geólogas.....	14
Insects of Surinam: Metamorphosis insectorum Surinamensium	15
Jane Goodall: 50 years at Gombe.....	16
Jimena Fernández de la Vega: un modelo de científica adelantada ao seu tempo	17
Marie Curie	18
Maryan Mirzakhani	19
Marie Curie y sus hijas	20
Las “mentiras” científicas sobre las mujeres.....	21
Mujeres.....	22
Mujeres 2.....	23
Mujeres de ciencia	24
Mujeres de ciencia: 50 intrépidas pioneras que cambiaron el mundo.....	25
Las mujeres de la Luna	26
Las mujeres en la Biología.....	27
Mujeres en la Ciencia.....	28
Mujeres en la Ciencia contemporánea: la aguja y el camello.....	29
Las mujeres en la Química	30
Mujeres y el reino animal	31
Mujeres negras en la Ciencia.....	32
Mujeres olvidadas: las científicas.....	33

Nosotras, biocientíficas españolas.....	34
Pasión por los insectos	35
Las pioneras: las mujeres que cambiaron la sociedad y la ciencia desde la Antigüedad hasta nuestros días.....	36
Pioneiras da ciencia en Galicia	37
Pioneras españolas en las ciencias: las mujeres del Instituto Nacional de Física y Química	38
Principia: una única cultura	39
Rita Levi Montalcini	40
Sabias: científicas españolas frente a los grandes retos del siglo XXI.....	41
Sabias: la cara oculta de la ciencia	42
Supermujeres superinventoras: ideas brillantes que transformaron nuestra vida.....	43
También en la cocina de la ciencia.....	44
Vidas científicas	45
Visionarias: inventoras desconocidas	46



AUTORÍA

Morrón, Laura

TÍTULO

A hombros de gigantas

PUBLICACIÓN

Pamplona: Next Door, 2021

ISBN

9788412255614

SIGNATURA

DIV-501

Este libro é unha homenaxe en verso a todas as mulleres que fixeron posible o progreso científico tal e como o coñecemos hoxe. Os *scikus science scikus* que inclúe están inspirados nos seus logros e buscan espertar en ti a mesma curiosidade que as converteu en pioneiras nas súas respectivas disciplinas.

Esta obra é o recoñecemento poético que, desde Next Door Publishers, queren facer a todas esas mulleres, sobre as que se construíu a historia da ciencia. *Ás xigantas invisibles*.

**AUTORÍA**

González-Garcés Santiso,
Alberto

TÍTULO

Ángeles Alvariño González,
investigadora marina de
relevancia mundial

PUBLICACIÓN

Madrid: Instituto Español de
Oceanografía, 2016

ISBN

9788495877543

SIGNATURA

C9-600

Ángeles Alvariño (Serantes, Ferrol, 1916-California, 2015) foi unha prestixiosa investigadora mariña, pertencente a segunda xeración de investigadoras nesa disciplina.

A súa carreira científica comezou no Instituto Español de Oceanografía (1948-1957) e se desenvolveu no Reino Unido e nos Estados Unidos fundamentalmente na *Scripps Institution of Oceanography* (1958-1969) e no *Southwest Fisheries Research Center* (1970-1987), ambos os dous en La Jolla (California). Tras a súa xubilación en 1987 seguiu traballando e publicando como investigadora emérita.

O Instituto Español de Oceanografía bautizou co seu nome o seu último e máis moderno buque de investigación, botado en 2012.

A publicación desta biografía coincide co décimo aniversario do seu falecemento e o centenario do seu nacemento, e con ela o Instituto Español de Oceanografía quere contribuír a conservar a lembranza da primeira científica española de relevancia mundial.



AUTORÍA

Garrido Moreno, Elisa

TÍTULO

Blanca catalán de Ocón: la primera botánica española

PUBLICACIÓN

Madrid: Fundación Sicómoro, 2024

ISBN

9788412839371


SIGNATURA

DIV-554

No século XIX viaxaban polo mundo multitude de flores e plantas co fin de ser identificadas. Unha destas flores, aínda sen nome e descoñecida para a Ciencia, saíu dunha pequena rexión aragonesa e acabou no gabinete dun botánico alemán que a chamou *Saxifraga blanca* en honra a persoa que a achou: Blanca Catalán de Ocón y Gayolá.

Esta naturalista foi coñecida como “a primeira botánica española” e dedicou parte da súa vida ao estudo das Ciencias Naturais, formando parte dunha rede de intercambio científico en torno a investigación da flora da Península Ibérica.

Este libro recolle as principais contribucións científicas de Blanca e desvela o seu xeito particular de ver a Natureza, a través dunha sensibilidade poética única.



AUTORÍA

Sopena Marcual, Cristina

TÍTULO

Bucear bajo tierra

PUBLICACIÓN

Almería: Círculo Rojo, 2023

ISBN

9788411757867


SIGNATURA

DIV-541

Este libro mergulla en toneladas de esquecemento e desenterra a dezaseis extraordinarias mulleres a través de contos inspirados nas súas vidas, respectando no posible o carácter e o contexto das súas protagonistas, descubrindoas a elas e coñecendo as súas contribucións a través das súas calidades máis humanas.

Vemos como, obstinadas en lograr os seus obxectivos, estas mulleres víronse na obriga de loitar contra prexuizos sexuais, ideolóxicos e culturais. Soportaron desplantes e menosprezos de colegas e das súas propias familias. Pero tamén atoparon respaldo en homes e mulleres de mentes espertas, persoas ávidas de coñecemento como elas que souberon estar ao seu carón.

Ao final de cada conto hai un pequeno resumo da biografía e dos logros de cada unha destas mulleres. Convidámosvos a descubrilas: só hai que abrir o libro e mergullarse na súa lectura.



AUTORÍA

Edelsztein, Valeria

TÍTULO

Científicas: cocinan, limpian y ganan el premio Nobel (y nadie se entera)

PUBLICACIÓN

Madrid: Siglo XXI, 2012

ISBN

9789876292412

SIGNATURA

DIV-221

Detrás de toda gran ciencia, moitas veces hai unha gran muller... pero case ninguén a coñece. Para reparar ese escándalo histórico, este libro revisa as máis increíbles, orixinais, e ignoradas contribucións científicas das mulleres ao longo do tempo: desde Hipatia, a primeira matemática da historia, asasinada por pola súa sabedoría, ata Marie Curie, á que a Academia Francesa de Ciencias lle negou ingreso.

Pese a que durante moitísimo tempo non lles foi permitido estudar ou ensinar na universidade, participar de institucións científicas ou simplemente aprender sobre o mundo e as súas circunstancias, existiron mulleres que se apañaron para deixar pegada na Ciencia. A investigadora arxentina Valeria Edelsztein pon a lupa sobre os inventos, os descubrimentos e as innovacións desas damas: fillas, nais, irmás, esposas e, sobre todo, científicas, que se animaron a desafiar convencións e prohibicións. Sen elas o mundo sería moi distinto e, sen dúbida, moito máis aburrido.



AUTORÍA

Bolívar, Jorge

TÍTULO

Científicas: la apasionante historia de las mujeres detrás de los grandes descubrimientos de la ciencia

PUBLICACIÓN

Córdoba: Guadalmazán, 2018

ISBN


9788494608568

SIGNATURA

DIV-169

Sabías que o primeiro programa informático foi escrito por unha muller un século antes de que existiran as computadoras? Ou que foi unha matemática a que clarificou os aspectos máis asombrosos da Relatividade de Einstein? Oíches falar de que a nosa imaxe actual do universo é resultado do traballo de varias astrónomas case descoñecidas? Ou que o código xenético non foi explicado por los dous homes que gañaron o Premio Nobel por elo, se non por una bioquímica á que lle roubaron os resultados dos seus experimentos?

Este libro percorre a vida de algunhas mulleres que foron clave para o avance da ciencia, desde Hipatia de Alejandría a Margarita Salas. Visitando cidades magníficas, épocas esplendorosas e terribles, e emocionantes biografías.



AUTORÍA

Lechado, José Manuel

TÍTULO

Científicas: una historia, muchas injusticias

PUBLICACIÓN

Madrid: Sílex, 2018

ISBN


9788477379799

SIGNATURA

C9-599

Este é un libro que fala de científicas, pero tamén é una obra na que falan elas, as científicas. No es só unha historia da ciencia en feminino, tamén é unha testemuña de profesionais españolas, activas e valentes, que nos falan do que significa, hoxe en día, ser científica.

Científicas fala de descubridoras de primeira liña como Emmy Noether, Lise Meitner ou Vera Rubin; investigadoras esquecidas como Marguerite Perey ou as calculadoras de Harvard; afeccionadas sorprendentes como a actriz Hedy Lamar ou Ada Byron, filla do famoso escritor británico; sabias maltratadas como Rita Montalcini e Ada Yonath; e tamén heroínas como Frances Oldham, descubridora dos efectos fatais da Talidomida. Todas elas mulleres de gran talento... de moitas delas, ninguén terá ouvido falar xamais, outras talvez soarán un pouco. E si, tamén atoparás nestas páxinas as historias das dúas únicas científicas coñecidas por todos e todas, Hipatia e Maria Sklodowska Curie. Todas elas auténticas modelos. Pero modelos de verdade.



AUTORÍA

Martínez Pulido, Carolina

TÍTULO

Científicas en la Genética del
siglo XX

PUBLICACIÓN

Santa Cruz de Tenerife:
Universidad de La Laguna, 2022

ISBN

9788415939795

SIGNATURA

DIV-542

Probablemente, moitas das mulleres que aparecen neste libro descubriron aquilo que moitos homes non podían porque as relegaban a estudos considerados “pouco importantes”. Ao dubidar das súas capacidades, estes homes non compartían con elas as investigacións destacadas. Estas investigadoras intelixentes, loitadoras e capaces traballaron de xeito tenaz, e, en moitos casos, atoparon as claves dalgúns enigmas científicos neses estudos considerados marxinais.

Neste libro Carolina Méndez Pulido descobre algunhas desas investigadoras que tanto teñen aportado ao avance da Ciencia. Nas túas mans tes un libro de Ciencia, un libro de Historia da Xenética, e, por suposto, un libro que reivindica a un bo puñado de mulleres.

Este libro rescata a mulleres das que non fala a Historia da Ciencias. Porque a historia só lembra os triunfadores, e, entre eles, non abundan as mulleres. Pero a historia oficial é incompleta e proporciona unha imaxe deformada da maneira na que avanza a Ciencia. No progreso científico a maioría das persoas traballan na sombra. E nesas sombras abundan as mulleres.



AUTORÍA

Casado Ruiz de Lóizaga, María José

TÍTULO

Las damas del laboratorio: mujeres científicas en la historia

PUBLICACIÓN

Barcelona: Debate, 2006

ISBN

9788483066881

SIGNATURA

C9-431

Ata o recoñecemento internacional de Marie Curie, poderíamos dicir que as mulleres non tiñan existido no mundo da Ciencia. Con todo, traballaron en laboratorios, en universidades, en empresas, contribuíndo de forma notable ao desenvolvemento de varias disciplinas.

Maria José Casado descobre a vida dalgunhas destas mulleres extraordinarias que, como a astrónoma Hypatia no século II ou a aritmética María Andrea Casamayor no século XVIII, pasaron moi por riba da historia de la Ciencia.



AUTORÍA
Legido, Toya

TÍTULO
Ellas ilustran Botánica

PUBLICACIÓN
Madrid: CSIC, 2023

ISBN
9788400111458

SIGNATURA
DIV-543

Este libro manifesta o traballo de ilustradoras científicas desde o século XVII ata a actualidade, e pon en valor a implicación destas mulleres na difusión da Bioloxía a través das súas obras, realizadas con diferentes técnicas como debuxos, gravados, fotografías, pinturas e libros.

Contido, historia, socioloxía, cultura, técnica e estética xúntanse nestas páxinas para difundir a vida e a obra de trinta autoras clásicas, amosando as relacións entre arte, ciencia e xénero.

Esta selección evidencia o compromiso destas mulleres cos procesos de difusión do coñecemento e mostra como nos seus traballos a Arte pode ser Ciencia, e a Ciencia, Arte.



AUTORÍA

Marchi, Vichi de; Fulci, Roberta

TÍTULO

Ellas son de ciencias

PUBLICACIÓN

Madrid: Laberinto, 2020

ISBN


9788413300382

SIGNATURA

DIV-557

Tes unha paixón, algo que te entusiasma e que fai que te sintas especial? Estás a punto de ler as historias de moitas paixóns distintas: pola natureza, pola medicina, polas invencións, polos pobos remotos. Son historias de rapazas que chegaron a ser mulleres famosas e escribiron páxinas fundamentais para a Ciencia.

Quince historias de científicas novas que levaron a cabo un proxecto; quince vidas feitas de valor, esforzo, entusiasmo, e, sobre todo, de sonhos que se fan realidade. Pode que algún día esta sexa tamén a túa historia! Sabes cal é o segredo? Perseguir o teu sonho



AUTORÍA

Yustos, Marta;
Rodríguez Robredo,
Diego

TÍTULO

Femina Sapiens: una
historia de la evolución
humana enfocada en las
mujeres

PUBLICACIÓN

Barcelona: Mosquito,
2024

ISBN

9788419095664


SIGNATURA

DIV-559

Por que cando se reconstrúe a Prehistoria só se fala de homes? Por que non facer Ciencia focalizando as investigacións, tamén, nos restos arqueolóxicos de mulleres que se acharon en grande cantidade?

Este libro é un álbum familiar que che permitirá descubrir quen foron as túas tataratataratata....avoas e avós. Un retrato entretido e rigoroso da evolución do Homo Sapiens dende a perspectiva das féminas.

Presentámosche algunhas das túas parentes: Ardi, que pasaba tanto tempo nas árbores como camiñando; Lucy, a avoa máis famosa do mundo; a Señora Ples, a Rapaza da Gran Dolina, e Benjamina, a máis querida, entre outras ducias de historias que che encantarán



AUTORÍA

Goodall, Jane; Berman,
Phillip

TÍTULO

Gracias a la vida

PUBLICACIÓN

Barcelona: Mondadori,
2000

ISBN

8439704054

SIGNATURA

DIV-560

De pequena, Jane Goodall era unha nena curiosa e namorada dos seres vivos que habitaban o xardín da súa casa de Inglaterra. Co tempo, esa paixón polo mundo animal levouna a África para traballar co famoso paleontólogo Louis Leakey e estudar os costumes dos chimpancés no seu hábitat. O traballo que levou a cabo en Gombe ao longo dos anos abriu novos campos de investigación, e Jane Goodall acadou o máximo prestixio como experta en comportamento animal.

A súa vida interior e a súa fe en Deus levárona a escribir este libro: unhas memorias que falan dos seus días na selva, a súa loita por salvar as raíces do noso planeta e da súa confianza nas virtudes do espírito humano.



AUTORÍA
Calvo, Giomar

TÍTULO
Geólogas

PUBLICACIÓN
Córdoba: Guadalmazán, 2022


ISBN
9788417547905

SIGNATURA
DIV-499

Sabías que parte da Xeoloxía que se imparte nos colexios e institutos de todo o mundo débemoslla a Marie Tharp e Inge Lehmann? Coñeces a historia das paleontólogas Mary Anning ou Charlotte Murchison? E a grandiosa colección mineralóxica de Margaret Cavendish Bentinck, duquesa de Portland?

De entre todas as disciplinas científicas, as Ciencias da Terra son, probablemente, as máis esquecidas, non só atendendo aos contidos, tamén no eido das aportacións que levaron a cabo xeólogas, paleontólogas, buscadoras de fósiles, ilustradoras ou divulgadoras.

Guiomar Calvo, a xeóloga e divulgadora autora de *Historia del arsénico* e *Historia de la mineralogía*, diríxenos desde as profundidades da Terra ata as minas a ceo aberto, nunha das disciplinas científicas máis descoñecidas e fascinantes, con fazañas onde a perseveranza, a ciencia ou as circunstancias xogaron un papel crucial, historias onde as pioneiras da Xeoloxía foron as auténticas protagonistas.



AUTORÍA

Merian, Maria Sibylla

TÍTULO

Insects of Surinam:
Metamorphosis insectorum
Surinamensium

PUBLICACIÓN

Köln: Taschen, 2009

ISBN


9783822852781

SIGNATURA

Z-923

Formada como gravadora en cobre e acuarelista, documentou a metamorfose das bolboretas, sentando as bases da entomoloxía moderna.

Ao ver unha colección de bolboretas da Guayana Holandesa, a actual Surinam, Maria Sibylla decidiu estudar a flora e a fauna tropical. En 1699 navegou cara América do Sul coa súa filla Dorothea: era a primeira vez que unha muller se aventuraba nunha viaxe de exploración a esta escala. En 1705 publicou a súa principal obra: *Metamorphosis Insectorum Surinamensium*, en holandés e latín. Fixo 60 gravados en cobre para ilustrar as etapas do desenvolvemento dos insectos, dispostos arredor das plantas cultivadas e silvestres que atopara nas súas viaxes. Este é o primeiro traballo sobre la historia natural de Surinam. Para os europeos do século XVII foi unha visión de un mundo descoñecido. A reimpresión de TASCHEN de unha primeira edición coloreada a man, pertencente á Biblioteca da Universidade de Basilea, inclúe as láminas completas con un comentario de Katharina Schmidt-Loske.



AUTORÍA
Goodall, Jane

TÍTULO
Jane Goodall: 50
years at Gombe

PUBLICACIÓN
New York: Stewart,
Tabori & Chang,
2010

ISBN
9781584798781

SIGNATURA
Z-905

En honra ao 50 aniversario do sitio de campo de Gombe, este libro é unha homenaxe fotográfica á vida de Jane Goodall, aos seus estudos sobre a vida dos chimpancés, e aos seus esforzos para motivar as persoas a facer deste mundo un lugar mellor.

Neste libro relátanse os traballos realizados no sitio de campo de Gombe na década de 2000 a 2010, entre os que destacan investigacións históricas sobre o SIDA, o establecemento de programas para a mellora do saneamento, atención sanitaria e educación nas comunidades veciñas de Tanzania, e a asociación coa poboación local para levar a cabo iniciativas de repoboación forestal.



TÍTULO

Jimena Fernández de la Vega:
un modelo de científica
adiantada ao seu tempo

PUBLICACIÓN


Santiago de Compostela: Real
Academia Galega de Ciencias,
2021

SIGNATURA

C9-23

Esta publicación pretende abrir unha fiestra á personalidade desta muller, a súa obra e o seu legado.

Ao longo da súa vida, Jimena soubo demostrar o seu carácter loitador e innovador nos dous ámbitos nos que desenvolveu a súa traxectoria profesional: a Xenética e la Hidroloxía. Percorreu os centros máis importantes de Europa tratando de incorporar en España unha visión experimental da Xenética moderna, que non se levou a cabo por mor das ideas conservadoras da época. Tamén traballou no campo da Hidroloxía, primeiro como médica e despois como a primeira muller directora de balnearios de España.



AUTORÍA
Milani, Alice

TÍTULO
Marie Curie

PUBLICACIÓN
Madrid: Nórdica Libros, 2019


ISBN
9788417651169

SIGNATURA
DIV-418

A loita de Marie Curie contra a incompreensión e o desprezo da sociedade benpensante da época, como muller e como científica, é, hoxe en día, un asombroso exemplo de grandeza e determinación.

Este cómic conta a historia de Maria Sklodowska, que traballou en Polonia como institutriz para poder pagar os seus estudos de Física na Sorobona en París, onde chegou con 24 anos. O apelido co que se fixo famosa foi o do seu home, Pierre Curie, co que investigou sobre unha substancia descoñecida que emitía enerxía, luz e calor.

Estamos nos albores da Física Nuclear, e nos inicios das mulleres no mundo da Ciencia. Tras a morte inesperada de Pierre, Marie seguiu adiante coa súa carreira, brillante e independente, pero tivo que se enfrontar a mentalidade conservadora da Europa de principios do século XX.



AUTORÍA

Conches, Rocío; Royuela, Enrique

TÍTULO

Maryam Mirzakhani

PUBLICACIÓN

Madrid: Principia, 2022

ISBN

9788419363008

SIGNATURA


DIV-477

“Finalmente non somos máis que garabatos. Trazos imperfectos, curvas irregulares. Un garabato ilustra o que somos, saca o neno que levamos dentro. E introdúcenos nun mundo de abstracción, como as Matemáticas” (Maryam Mirzakhani).

Maryam Mirzakhani creceu en Irán, en plena guerra contra Irak, lendo e imaxinando historias fantásticas que quería escribir cando medrase. Foi o seu irmán o que lle abriu as portas das Matemáticas, e nelas atopou as aventuras e misterios que quería resolver.

Formouse nas mellores institucións de Irán e dos Estados Unidos, e foi unha alumna brillante. En 2014 converteuse na primeira muller en recibir a prestixiosa *Medalla Fields* polas súas importantes achegas á dinámica e á xeometría das *superficies de Riemann* e os seus espazos de módulos.

Da súa paixón polas matemáticas e polos garabatos xurdiu esta pioneira, que escribiu historias coa linguaxe das matemáticas.



Coñece a Marie Curie: tímida e reservada, amaba a Ciencia máis que a nada no mundo, pero vivía nunha época na que as mulleres non podían ser científicas. A pesar das dificultades, Marie perseguíu os seus soños e hoxe lembrámonos dela polos seus grandes descubrimentos.

Ao tempo que traballaba no laboratorio e experimentaba con elementos químicos, Matie tivo dúas fillas: Irène e Éve, que, como a súa nai, convertíronse en mulleres independentes e decididas, e viviron as súas propias aventuras.

Marie, Irène e Éve salvaron vidas en tempos de guerra, gañaron premios Nobel, superaron traxedias e viaxaron arredor do mundo. Estas tres mulleres cambiaron a Historia da Ciencia para sempre.



AUTORÍA

García Dauder, S.; Pérez Sedeño, Eulalia

TÍTULO

Las “mentiras” científicas sobre las mujeres

PUBLICACIÓN

Madrid: Catarata, 2017

ISBN

9788490972656


SIGNATURA

DIV-556

Ao longo da Historia da Ciencia as mulleres foron obxecto de afirmacións, hipóteses e teorías que levaron a erros moi graves, xustificando a súa situación de subordinación e invisibilidade, e ocultando e inventando temas relacionados co seu corpo e a súa saúde. A “natureza” feminina ou “o humano” represéntanse a partir do masculino.

Son o sexo ou a raza do suxeito de investigación relevantes para o coñecemento?. Sabemos que a presenza de mulleres na investigación non é condición suficiente para unha mellor ciencia, pero é necesaria, porque cando se fai dende o punto de vista de grupos excluídos da comunidade científica, identifícanse moitos campos de ignorancia, descóbreanse segredos, fórmulanse novas preguntas e cuestiónanse os valores hexemónicos.

Este libro aporta unha visión crítica da Historia da Ciencia fomentando unha investigación consciente das tendencias de xénero e os efectos da ignorancia, para facer unha ciencia mellor e máis responsable



AUTORÍA

Ruíz Ruíz, Isabel

TÍTULO

Mujeres

PUBLICACIÓN

Madrid: Ilustropos, 2016

ISBN

9788460837176

SIGNATURA

DIV-229/I

Mujeres é un álbum ilustrado no que se reúnen dezoito mulleres reais: poetas, pintoras, científicas, políticas...mulleres que merecen ser parte dos referentes dos nosos fillos e fillas, que merecen o seu lugar na historia, e que no merecen ser esquecidas.

Este primeiro volume inclúe a Hipatia de Alejandría, Concepción Arenal, Marie Curie, Florence Nightingale, María Montessori, Alice Guy-Blaché, Isadora Duncan, Virginia Woolf, Clara Campoamor, Amelia Earhart, Margaret Bourke-White, Frida Kahlo, Hellen Keller, Dian Fossey, Rosa Parks, Gertrude Ederle, Irena Sendler e Miriam Makeba.



AUTORÍA

Ruíz Ruíz, Isabel

TÍTULO

Mujeres 2

PUBLICACIÓN

Madrid: Ilustropos, 2016

ISBN


9788461759897

SIGNATURA

DIV-229/II

Mujeres 2 é o segundo volume da colección *Mujeres*, álbums ilustrados que reúnen a mulleres reais que merecen ser referentes dos nosos fillos e fillas.

As mulleres que Isabel Ruiz seleccionou para este tomo foron: Ada Lovelace, Christine de Pizan, Emma Goldman, Elisabeth Eidenbenz, Federica Montseny, Hedy Lamarr, Gerda Taro, Hilma af Klint, Junko Tabei, Louise Bourgeois, Malala Youfsafzai, María Moliner, Maya Deren, Simone de Beauvoir, Nellie Bly, Valentina Tereshkova e Violeta Parra.



TÍTULO

Mujeres de ciencia

PUBLICACIÓN

Barcelona: RBA, 2019

ISBN


9788491873334

SIGNATURA

C9-250

Un percorrido fascinante polas vidas, e, sobre todo, polos importantes descubrimentos de catro científicas: Sophie Germain, Marie Curie, Lise Meitner e Emmy Noether.

Só as vidas destas catro mulleres xa foron emocionantes, pero ademais as súas aportacións contribuíron ao avance da Ciencia, nun mundo que non estaba aínda preparado para recoñecer o seu talento científico. É de xustiza compartir a vida destas mulleres



AUTORÍA
Ignatofsky, Rachel

TÍTULO
Mujeres de ciencia:
50 intrépidas
pioneras que
cambiaron el mundo


PUBLICACIÓN
Madrid:
Nordicacómic, 2017

ISBN
9788416830800

SIGNATURA
DIV-366

Un libro ilustrado e educativo, que manifesta as contribucións de cincuenta mulleres notables nos campos da Ciencia, a Tecnoloxía, a Enxeñería e as Matemáticas desde a antigüidade ata o mundo moderno.

Esta fascinante colección contén, ademais, infografías sobre temas relevantes como equipos de laboratorio, taxas de mulleres que traballan actualmente en campos relativos á ciencia, e un glosario científico ilustrado. Entre as pioneiras incluídas nesta obra están figuras coñecidas como a primatóloga Jane Goodall, así como outras menos coñecidas como Katherine Johnson, a física e matemática afroamericana que calculou a traxectoria da misión Apolo XI de 1969 á Lúa.



AUTORÍA

Altschuler Stern, Daniel Roberto
& Ballesteros, Fernando J.

TÍTULO

Las mujeres de la Luna

PUBLICACIÓN

Pamplona: Next Door, 2016

ISBN

9788494443541

SIGNATURA

DIV-367

Na superficie da Lúa contemplamos a nosa historia. Os accidentes selenográficos constitúen un rexistro intacto da formación da zona do Sistema Solar máis próxima á Terra. A súa nomenclatura é o reflexo dos claroscuros da nosa sociedade. Dos mil cincocentos oitenta e seis cráteres con nome de persoa, só vinte e oito son mulleres e na súa maioría pertencen a Europa e Estados Unidos, o que evidencia un recoñecemento desigual.

A través das páxinas deste libro, os astrónomos e divulgadores científicos Daniel Roberto Altschuler e Fernando J. Ballesteros invítannos a reflexionar sobre isto e, por riba de todo, ofrécennos a oportunidade de coñecer mellor a vida destas vinte e oito mulleres.



AUTORÍA

Wissinger, Mary; Pioli,
Danielle

TÍTULO

Las mujeres en la Biología

PUBLICACIÓN


Washington: Science
Naturally, 2021

SIGNATURA

DIV-544

Como se fai unha bolboreta? Este libro ilustrado, dirixido a nenos e nenas, explora o misterioso universo dos seres vivos a través de mulleres inspiradoras que cambiaron o mundo coas súas innovacións científicas.

Estas mulleres son: Maria Sibylla Merian cos seus debuxos da natureza; Hildegarda de Bingen, que descubriu que había que limpar a auga para evitar enfermidades, e como se podían usar as plantas como medicinas; Jane Cooke Wright, estudando o impacto das medicinas nas células; Linda Buck, que descubriu que os olores chegan aos receptores do nariz e envían mensaxes ao cerebro; e Barbara McClintock que estudou o ADN do millo e aprendeu que os xenes poden cambiar de lugar.



AUTORÍA
Miglietta, Alessio A.

TÍTULO
Mujeres en la Ciencia

PUBLICACIÓN
Madrid: Tikal, 2022


ISBN
9788499285030

SIGNATURA
DIV-500

Foron consideradas como fillas, esposas, irmás, ou simples axudantes, en lugar de mulleres de pensamento autónomo e creatividade innata.

Hoxe, nunha sociedade aparentemente transformada, as científicas desfrutan de máis independencia e atopan menos obstáculos para desenvolver a súa actividade.

Este libro, que repasa as principais achegas das mulleres á Ciencia ao longo da historia, quere honrar a súa paixón, constancia e xenio, que teñen demostrado en todas as culturas, desde a antigüidade ata os nosos días, en disciplinas como as Matemáticas, a Física, a Química, a Astronomía, a Medicina, as Ciencias Sociais, ou a Lingüística.



AUTORÍA

González Ramos, Ana M., dir.

TÍTULO

Mujeres en la Ciencia contemporánea:
la aguja y el camello

PUBLICACIÓN

Barcelona: Icaria, 2018

ISBN

97884198888195

SIGNATURA

DIV-502

Nunha cultura androcéntrica na que predominan as estruturas patriarcais, non é frecuente que as mulleres investigadoras encabecen posicións relevantes nas nosas universidades. Impóñense os roles de xénero asumidos tradicionalmente e os obxectivos corporativos dun modelo académico neoliberal: o resultado é unha discriminación que esconde carreiras brillantes de mulleres investigadoras.

Os capítulos reunidos neste libro abordan a necesidade de cambiar a actitude da comunidade científica nos departamentos universitarios españois. A Ciencia precisa dunha axenda de xénero que xestione o talento dun xeito máis eficiente e inclusivo, e que recoñeza a capacidade investigadora das mulleres. Este é un libro crítico e de propostas para confrontar a posición fronteiriza das mulleres na investigación científica española, as causas do abandono, o efecto sobre a saúde orixinado pola competitividade meritocrática, a inestabilidade e a invisibilidade da súa actividade, as relacións de poder e sororidade, as brechas de xénero, e a crítica dos modelos de xestión do poder masculino.



AUTORÍA

Wissinger, Mary; Pioli, Danielle

TÍTULO

Las mujeres en la Química

PUBLICACIÓN


Washington: Science
Naturally, 2021

SIGNATURA

DIV-545

De que está feito o mundo? Este libro ilustrado explora no marabilloso mundo da Química. Descubre o poder da curiosidade e a fortaleza xunto con algunhas mulleres que abriron camiño no mundo da ciencia, desde os tempos antigos ata os modernos.

Con este libro saberemos un pouco máis de: Cleopatra a Alquimista, que pesaba obxectos e tomaba medidas da materia; Marie-Anne Lavoisier, que axudou a escribir o primeiro libro de texto da Química moderna, con debuxos para entender os experimentos; Dawn Shaughnessy, que traballa para atopar novos elementos, e xa leva atopados seis; Rosalind Franklin, que coas súas imaxe demostrou que o ADN ten forma de hélice, e Ada Yonath que descubriu como os nosos corpos len o ADN.



AUTORÍA
Alemany, Ana

TÍTULO
Mujeres y el reino animal

PUBLICACIÓN
Ciudad Real: Serendipia, 2023

ISBN
9788412655780

SIGNATURA
DIV-548

A vida comezou no Planeta cando se deron as condicións para elo, hai moitos millóns de anos. Os últimos en aparecer foron os animais, e os seres humanos incluímonos neste conxunto como racionais: isto quere dicir que os animais e os seres humanos sempre fomos xuntos.

Por iso é tan fermoso que estes seres vivos sexan o fío condutor para presentar e describir a vida dunhas protagonistas que poden inspirar a calquera: homes e mulleres, de calquera idade. Trátase de facer visibles profesións ou traballos talvez pouco coñecidos, pero de unha beleza e interese enormes.



AUTORÍA
Palomino, Zinthia

TÍTULO
Mujeres negras
en la Ciencia

PUBLICACIÓN
Zinthia Álvarez
Palomino, 2019

ISBN
9788409080250

SIGNATURA
DIV-503

Poderías mencionar o nome dunha científica negra?

Mujeres negras en la Ciencia reúne doce micro-biografías de mulleres negras e/ou afrodescendentes que realizaron valiosas aportacións en áreas como a Psicoloxía, a Enxeñaría, a Química, a Bioloxía e a Entomoloxía, e cambiaron o Mundo coas súas achegas. Estas mulleres revolucionaron a historia grazas a súa determinación, esforzo e valentía, pero aínda hoxe son descoñecidas para unha grande cantidade de persoas.

Doce historias de mulleres moi diversas, pero que teñen moito en común: todas dedicaron a súa vida á Ciencia e tiveron que loitar contra estereotipos asociados a súa cor de pel e ao seu xénero para poder ser recoñecidas,



AUTORÍA

Zing, Tsjeng

TÍTULO

Mujeres olvidadas: las científicas

PUBLICACIÓN

Madrid: Oberón, 2019


ISBN

978844154214

SIGNATURA

DIV-498

Este libro é unha homenaxe a corenta e oito heroínas anónimas da Ciencia, cuxos descubrimentos, enormemente importantes, aínda que na súa maioría non foran recoñecidos, transformaron a nosa visión e comprensión do mundo científico que nos rodea. Mulleres como Mary Anning, a paleontóloga afeccionada cuxos descubrimentos de fósiles cambiaron o pensamento científico sobre a historia da Terra, ou Emmy Noether, a que foi descrita como “a matemática máis formidable da Historia”.



TÍTULO

Nosotras, biocientíficas españolas

PUBLICACIÓN

Madrid: L'Óreal Productos Profesionales,
2002

ISBN

8460755797

SIGNATURA

C9-12

Este libro recolle os perfís e as testemuñas persoais de máis de duascientas protagonistas das Ciencias da Vida no noso país, e quere, por unha banda, homenaxear a súa labor, e pola outra, mostrar que a Ciencia, concepto abstracto e descoñecido para a maioría, ten nomes propios en España que a fan real, e esa realidade está nunha grande parte protagonizada por mulleres.



AUTORÍA
Sistach, Xavier

TÍTULO
Pasión por los insectos


PUBLICACIÓN
Madrid: Turner Publicaciones,
2019

ISBN
9788417141899

SIGNATURA
DIV-555

Coñecemos as viaxes de Humboldt ou os avances científicos de Darwin, pero non as achegas de aquelas mulleres que compartiron o espírito curioso e aventureiro da época. Ademais de superar os retos da propia Ciencia, estas mulleres tiveron que se enfrontar aos obstáculos que se atoparon por ser mulleres.

Desde Maria Sibylla Merian, considerada a nai da Entomoloxía, ata Miriam Luisa Rothschild, unha das naturalistas máis prestixiosas do século XX, este libro reúne, por primeira vez, as historias de aquelas mulleres que compartiron unha paixón: a Entomoloxía. O conxunto das súas biografías reflicte o xurdimento e desenvolvemento do estudo da Natureza desde o século XVII ata o XXI.



AUTORÍA

Levi-Montalcini, Rita

TÍTULO

Las pioneras: las mujeres que cambiaron la sociedad y la ciencia desde la Antigüedad hasta nuestros días

PUBLICACIÓN

Barcelona: Crítica, 2017

ISBN

9788417067342

SIGNATURA

DIV-47

Tiveron que loitar contra os prexuízos e o machismo para poder estudar e entrar nos laboratorios. Sufriron o risco de que lles roubasen os seus experimentos, moitas veces atribuídos aos seus colegas masculinos. Cargaron co dobre traballo da familia e a investigación.

Un exemplo é Marie Curie, que no puido estudar na súa patria, Polonia, porque nese momento a universidade estaba pechada para as mulleres. Tivo que se trasladar a Francia, onde se licenciou e puido investigar con éxito, obtendo o Premio Nobel. Ela é só un exemplo de mulleres fascinantes, rigorosas, combativas, nunca banais.

Neste libro, a científica italiana Rita Levi-Montalcini, conta con paixón cales foros as súas propias referencias persoais, de Hipatia a Vandana Shiva: mulleres innovadoras que souberon afirmarse e xestionar a emancipación da Muller na sociedade occidental. Levi-Montalcini fálanos de setenta mulleres excepcionais, exemplo de xenio e perseveranza, cuxos logros permanecerán para sempre.

Pioneiras da ciencia en Galicia

Manuel Rey Pan
Eduardo Rolland



AUTORÍA

Rey Pan, Manuel & Rolland, Eduardo

TÍTULO

Pioneiras da ciencia en Galicia

PUBLICACIÓN

Vigo: Galaxia, 2021

ISBN


9788491517726

SIGNATURA

DIV-467

Ser muller sempre foi algo difícil. Abrirse camiño profesionalmente, aínda máis, sobre todo en sectores, aínda a día de hoxe, moi masculinizados, como o da investigación científica.

Este libro aborda o papel xogado polas pioneiras da Ciencia no noso país. Conta, pois, a súa epopea para ser tomadas en serio nese mundo de homes en tempos, incluso, en que se dubidaba da capacidade intelectual das mulleres para poder entender as máis básicas cuestión da vida. No camiño que aínda nos queda por percorrer para chegar a esa Igualdade, tamén no eido científico, as mulleres que aparecen neste libro resultaron esenciais. Investigadoras, teóricas, estudosas... todas elas puxeron as bases para que hoxe unha investigadora non sexa unha rareza dentro dun laboratorio.



AUTORÍA

Magallón Portolés, Carmen

TÍTULO

Pioneras españolas en las ciencias:
las mujeres del Instituto Nacional
de Física y Química

PUBLICACIÓN

Madrid: CSIC, 1998

ISBN

8400077733

SIGNATURA

DIV-505

Este libro manifesta as aportacións das mulleres ás ciencias físico-químicas en España no primeiro terzo do século XX, particularmente a través do seu traballo no Instituto Nacional de Física e Química.

Analiza tamén a súa entrada nas sociedades científicas españolas, e lembra a existencia do primeiro laboratorio de química creado para preparar as estudantes nese campo: o Laboratorio Foster da Residencia de Señoritas



AUTORÍA
Royuela, Enrique

TÍTULO
Principia: una única cultura

PUBLICACIÓN
Madrid: Principia, 2018


SIGNATURA
DIV-476

Vinte e catro mulleres incríbles, vinte e catro historias asombrosas, unha homenaxe que bebe los principios do cómic americano para transformar a estas científicas anónimas en superheroínas.

Vivimos nun mundo feito por e para os homes, no que o papel das mulleres queda relegado a un segundo plano, como algo anecdótico. A desigualdade froito da discriminación e os prexuízos é un lastre que a sociedade segue arrastrando hoxe en día e a que hai que lle poñer fin.

Rescatar historias asombrosas de mulleres incríbles é unha forma de visibilizar a todas as mulleres, unha débeda e un tributo as que foron, e seguen sendo, discriminadas, esquecidas, menosprezadas ou ignoradas.

É de vital importancia que as nenas teñan referentes femininos de todas as etnias ou culturas que lles vailan de exemplo na sociedade actual, onde a educación sexista orienta as nenas desde idades temperás cara carreiras consideradas de mulleres.



AUTORÍA

Marín, Conchi; Royuela, Enrique

TÍTULO

Rita Levi Montalcini

PUBLICACIÓN

Madrid: Principia, 2022

ISBN

9788419363015


SIGNATURA

DIV-478

“O corpo enruga, é inevitable, pero non o cerebro. Mantén o teu cerebro activo, fáilo funcionar e nunca dexenerará” (Rita levi-Montalcini)

A serie *Intrépidas* conta en formato cómic e tan só en oito páxinas as historias dalgunhas pioneiras destacadas das ciencias, as artes e as humanidades. Este número está dedicado a Rita Levi-Montalcini, neurocientífica italiana que estivo exiliada e perseguida polo réxime fascista de Mussolini.

Foi galardoada co premio Nobel de Medicina en 1986 polas súas investigacións sobre o crecemento e desenvolvemento das neuronas. Descubriu o primeiro factor de crecemento: o *factor de crecemento nervioso*



AUTORÍA
Villarreal, Antonio

TÍTULO
Sabias: científicas españolas
frente a los grandes retos del
siglo XXI

PUBLICACIÓN
Barcelona: Planeta, 2022

ISBN
9788408265498

SIGNATURA
DIV-546

Este é un libro sobre os grandes desafíos que a Ciencia e a Medicina tratan de resolver no século XXI e sobre como nove mulleres españolas loitan, en primeira liña, para que a luz derrote a escuridade da ignorancia e a enfermidade.

As protagonistas deste libro figuran na vangarda da investigación da orixe do noso ADN, da loita contra o envellecemento celular, contra a degradación dos ecosistemas, na busca dunha solución contra o cancro ou a infertilidade e na comprensión das claves que nos permitirán construír un manual de instrucións do universo.

O periodista científico Antonio Villarreal traza un perfil destas nove investigadoras que, no referente a Ciencia do século XXI comparten a idea que tiña Karen Spärk Jones sobre a computación: “é algo demasiado importante como para deixárllelo só aos homes”



AUTORÍA

Muñoz Páez, Adela

TÍTULO

Sabias: la cara oculta de la ciencia

PUBLICACIÓN

Barcelona: Debate, 2017

ISBN

9788499927022

SIGNATURA

C9-603

Quen foi Enheduanna? E Émilie de Châtelet? Por que mestres cervexeiros consideran súa mentora a Hildegarda de Bingen, unha monxa do século XI? Foi Marie Curie merecedora dos dous premios Nobel de ciencias que recibiu? Sería posible descifrar a estrutura do ADN sen o traballo de Rosalind Franklin? Por que é tan descoñecida a muller que descifrou a estrutura da penicilina? Que papel tiveron as mulleres durante a Idade de Prata que viviu a Ciencia na Segunda República española?

Neste libro rescatamos a historia dalgunhas mulleres que contribuíron de xeito relevante na Historia da Ciencia.

Paseando pola Historia de Ciencia descubrimos que ata bastante avanzado o século XX, as mulleres tiveron vetado o ingreso nas universidades e o exercicio de moitas profesións que necesitaban estudos, e que antes foran expulsadas das bibliotecas dos mosteiros, os centros onde se gardaba o saber durante a Idade Media.



AUTORÍA

Uve, Sandra

TÍTULO

Supermujeres
superinventoras: ideas
brillantes que
transformaron nuestra vida

PUBLICACIÓN

Barcelona: Lunwerg, 2018

ISBN

9788416890590


SIGNATURA

DIV-397

Unha homenaxe a máis de noventa inventoras imprescindibles da nosa historia. A moitas delas non as coñecemos, pero as súas ideas brillantes transformaron a nosa vida. Nestas páxinas, Sandra Uve preséntanos a máis de noventa mulleres de todos os tempos que, tendo todo en contra, lograron patentar un invento e, en definitiva, conquistar a súa liberdade física e intelectual.

Fortes, soñadoras, tenaces, sensibles, intrépidas, as protagonistas de *Supermujeres, superinventoras*, retratadas en acuarela xunto a unha reprodución da patente orixinal do seu invento, impulsaron un diálogo transversal e desenvolveron novas miradas a realidade doutras mulleres. Esta viaxe ao mundo da creatividade permite dar a coñecer o seu traballo e o cambio significativo que supuxo cada un dos seus inventos na nosa historia.

Unha fermosa homenaxe, sen dúbida merecida, a un grupo de mulleres valentes que loitaron pola igualdade e la liberdade.



AUTORÍA

Martínez Pulido, Carolina

TÍTULO

También en la cocina de la ciencia

PUBLICACIÓN

Santa Cruz de Tenerife:
Universidad de La Laguna,
2000

ISBN


8477565066

SIGNATURA

C9-230

En xeral, o papel da muller no ámbito científico estivo escurecido por unha visión da historia que primaba aos investigadores masculinos. Esta situación ten que acabar, segundo a prologuista, Rosa Dávila, elaborando unha historia da ciencia normalizada que inclúa a autoría científica feminina como unha parte imprescindible de esa historia.

As biografías que analiza a autora son as de Barbara McClintock, experta en xenética premiada de xeito tardío co Nobel de Medicina en 1983; Rosalind Franklin, que tivo un importante papel no descubrimento da estrutura do ADN; Christiane Nüsslein-Volhard, especialista en Bioloxía do Desenvolvemento; Mary Leakey, que demostrou o acerto de Darwin situando a orixe da Humanidade en África, e Lynn Margulis, considerada unha das pensadoras máis estimulantes e orixinais de toda a Bioloxía.



AUTORÍA

Codeseda, Ana; López Bacete, Celia

TÍTULO

Vidas científicas

PUBLICACIÓN

Madrid: Anaya, 2022

ISBN

97884667367700

SIGNATURA

DIV-547

Pensaches algunha vez como te sentirías se che prohibiran estudar o que che interesa? E se tiveras que te esforzar máis que ninguén para poder traballar no que realmente che entusiasma?

Durante séculos, moitas mulleres tiveron que se enfrontar a todo tipo de barreiras para poder desenvolver a súa vocación científica. Neste libro terás a oportunidade de coñecer mulleres maravillosas que desafiaron todos os prexuízos e foron capaces de liderar expedicións a lugares remotos, introducirse nas profundidades da Terra, montar laboratorios clandestinos, desenvolver novos medicamentos, convivir con animais salvaxes e, incluso, levar a cabo misións secretas.

Le e escoita as súas voces, déixate inspirar polas emocionantes fazañas destas grandes protagonistas da Ciencia.



AUTORÍA

Palacios, Mercedes

TÍTULO

Visionarias: inventoras desconocidas

PUBLICACIÓN

Barcelona: Oberón, 2020

SIGNATURA

DIV-504

Trinta e unha mulleres que contribuíron cos seus inventos a cambiar o mundo.

En 2017, Mercedes Palacios participou nun evento *online* que se celebra todos os anos no mes de outubro, coñecido como *Inktober*, que consiste en facer un debuxo a tinta cada día. Ela enfocou este reto cunha temática común: ilustraría, e, ao mesmo tempo, difundiría, a biografía de trinta e unha mulleres que contribuíron a cambiar o mundo cos seus inventos.

Grazas a grande acollida das súas ilustracións, decidiu convertelo nun álbum ilustrado que ampliase a información sobre estas mulleres, das que apenas se coñeceu a súa historia, pero que idearon os prototipos que cambiaron moitos aspectos das nosas vidas cotiás.